

# PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES DA REDE MUSEÍSTICA

CURSO  
2019-2020

## CONCERTACIÓN DE GRUPOS

Museo Provincial de Lugo  
concertacionrmp@gmail.com

Museo Fortaleza  
San Paio de Narla  
sanpaiodenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar  
museodamar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor  
pazodetor@museolugo.org

@RedeMuseistica  
@MuseoLugo  
@PazodeTor  
@MuseoMarLugo  
@SanPaioNarla  
redemuseistica.lugo.org



## AXENDA 2030

17 Obxectivos de  
desenvolvemento  
Sostible  
#MuseosVivos



## MUSEO PAZO DE TOR PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2019 / 2020

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2019 / 2020 e, como sempre, co obxectivo de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

A novidade está en que con esta nova proposta pretendemos que cada docente interesado neste programa decida, de acordo co plan de estudos e o proxecto educativo que estea desenvolvendo, a mellor maneira de utilizar os recursos que lle ofertamos.

O programa estruturase da seguinte maneira:

**Actividades didácticas:** Propoñomes aos docentes unha serie de actividades didácticas, cuxos obxectivos e contidos describimos brevemente en cada caso, tendo en conta as coleccións e obras expostas neste museo da Rede Museística da Deputación de Lugo.

**ODS 2030:** Temos en conta para cada actividade didáctica os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS) que enumera a UNESCO (ver Anexo I).

**Relación de obra: Material e suxestións**

Unha vez concertada a visita ao museo e antes da súa realización facilitaráselle ao profesorado unha listaxe con fotografías das obras seleccionadas por cada actividade didáctica.

### **Mapas (in)visibles**

Posteriormente ou durante a realización da visita ao museo facilitaráselle a cada alumno ou alumna un modelo (poderanse propoñer outras presentacións) de guía denominado “Mapas (in)visibles” para que cada un, individualmente ou en grupo, elabore, aplicando criterios propios, un roteiro persoal polo museo.

Este material, orixinal ou copia, unha vez supervisado polo profesorado, poderá remitirse ao museo para realizar con el unha exposición de “Mapas (in)visibles” e outras actividades complementarias arredor do Día Internacional dos Museos (17 de maio) de 2020.

### **Concertación de visitas guiadas e actividades didácticas**

Unha vez decidida a maneira de aproveitamento destes recursos, os docentes interesados poderán solicitar unha visita guiada ao museo, indicando a actividade da súa preferencia. A concertación de grupos escolares realizarase exclusivamente a través do mail [pazodetor@museolugo.org](mailto:pazodetor@museolugo.org)

**Horario de inicio das visitas:** 11:00, 12:30, 16:30 e 18:00h.

## **ACTIVIDADES DIDÁCTICAS**

### **»Crea o teu museo**

**Metodoloxía:** Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo.

**Nivel educativo:** E. Infantil e 3º, 4ª, 5º e 6º de E. Primario.

### **»Tor: cámara e acción**

**Metodoloxía:** Vivimos nun mundo absolutamente visual, no que as imaxes nos contan historias que se viralizan e chegan a todos os recunchos do mundo e a todo tipo de xente. Imos crear unha historia en grupo a través das imaxes que cada alumno capte ao longo da nosa visita. Cada neno tirará unha foto co seu teléfono ou coa súa cámara, dunha peza, dun personaxe, do que queira ou do máis lle chame a atención, e entre todos crearán unha historia común a partir de todas as imaxes recollidas. O relato resultante formará parte da nosa historia, mais tamén da vosa porque despois cada unha desas historias iranse subindo ao facebook e ás nosas redes sociais para que todos poidamos acceder a elas e compartilas.

**Nivel educativo:** ESO.

### **»O Museo Pazo de Tor do luscofusco á candeia**

**Metodoloxía:** A sensación espacial dos interiores e exteriores do Pazo á noite, non fai moito eran ben diferentes. O xeito de iluminar estes espazos mudou ben: velas, candís, quinqués de gas, carburo, lámpadas de aceite ... proxectaban sombras e arumes que lle conferían unha sensación espacial máxica e misteriosa. Estes obxectos, hoxe pezas de museo, rememoran fórmulas prácticas e enxeñosas para a época, e tamén nos falan da historia da humanidade.

Demos luz ao asunto repasando as diferentes fórmulas de iluminación, para levarmos á práctica algunha delas.

**Nivel educativo:** E. Primario e ESO.

### **»Viaxe fotográfica no Museo Pazo de Tor**

**Metodoloxía:** Percorrido buscando animais representados en distintas obras expostas. Logo da busca, podemos xogar a agrupar os animais localizados segundo sexan de pelo ou de pluma, de terra ou de aire, mamíferos, etc. Remataremos a actividade completando un álbum cos cromos correspondentes aos animais avistados durante a viaxe.

**Nivel educativo:** E. Infantil, 1º, 2º e 3º de E. Primario.

»**As árbores da historia**

**Metodoloxía:** Na fidalguía era moi importante a liñaxe, por iso hai numerosas árbores xenealóxicas dentro deles nos que se representan os diferentes entronques familiares e os devanceiros de toda a familia. Percorreremos o Pazo visitando as estancias, poñendo especial énfase nos personaxes que o habitaron ao longo da súa historia. Todos levarán un modelo e bolígrafo para recadar datos sobre o parentesco que gardaban entre eles para poder realizar ao final da visita unha árbore xenealóxica como os que hai nos pazos. Logo, na escola, serán convidados a realizar as súas propias árbores xenealóxicas familiares.

**Nivel educativo:** E. Primario e ESO.

»**O Museo como retrovisor histórico**

**Metodoloxía:** As coleccións do museo permitirán ao alumnado interpretar os vestixios do pasado e analizar a súa importancia no desenvolvemento da nosa cultura .

**Nivel educativo:** 4ª, 5º e 6º de E. Primario e ESO.

»**Muller na Arte, Arte na Muller**

**Idades:** Desde E. Infantil ata BAC.

**Duración:** de 45' a 60'.

**Limiar:** Esta proposta didáctica parte da necesidade de impulsar a asociación dos museos e as institucións educativas para crear estratexias que permitan superar as desigualdades de xénero mediante un achegamento crítico á historia e teorías da arte.

A proposta materialízase nun itinerario integrado por distintas pezas que actualmente se exhiben. Este responde á necesidade de dar unha maior visibilidade ao traballo das mulleres e a súa participación tanto na vida material como significativa ao longo da historia.

**Obxectivos:** O obxectivo fundamental da proposta é achegar a presenza das mulleres na elaboración de materiais artísticos e destacar a súa presenza significativa nas representación da arte e dos obxectos cotiás, dende unha perspectiva feminista, ao público en xeral e ás persoas mozas que se atopen en período de formación en particular.

Dende a Rede Museística pártese da idea de que a actividade artística é un motor de coñecemento, comunicación, expresión e transformación polo que a través desta actividade ábrese novas vías de reflexión baseadas na participación activa, interrogando criticamente a historia e as teorías da arte, a inclusión da perspectiva de xénero e os principios co-educativos.

En canto aos obxectivos específicos, tratarase de:

- Analizar as obras desde unha perspectiva feminista.
- Descubrir a existencia de mulleres artistas.
- Relacionar as creacións artísticas coa experiencia persoal das creadoras e dos contextos históricos.
- Fomentar o pensamento crítico.
- Promover a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Reforzar os principios de empatía e comprensión dos outrxs, de outras sensibilidades e identidades.
- As mulleres artistas: achegamento á súa biografía e o seu proceso creador.

**Descrición da actividade:** A orde que se segue para a estruturación do percorrido é o espacial do propio museo. A elección das pezas ou os espazos intenta recoller a diversidade do propio museo.

**Metodoloxía:** Dado que non se trata dunha actividade concretada para un público específico, o persoal do museo acompañará a visita aportando os coñecementos e reflexións precisas para imaxinar a realidade da muller como artista e como personaxe

principal da historia. Ao rematar sería conveniente realizar unha mesa redonda ou un coloquio para pór en común o observado e escoitar as opinións críticas dos visitantes.

### **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (UNESCO)**

- 1.-Fin da pobreza
- 2.-Fame cero
- 3.-Saúde e benestar
- 4.-Educación de calidade
- 5.-Igualdade de xénero
- 6.-Auga limpa e saneamento
- 7.-Enerxía asequible e non contaminante
- 8.-Traballo decente e crecemento económico
- 9.-Industria, innovación e infraestrutura
- 10.-Redución das desigualdades
- 11.-Cidades e comunidades sustentables
- 12.-Producción e consumo responsables
- 13.-Acción polo clima
- 14.-Vida submarina
- 15.-Vida de ecosistemas terrestres
- 16.-Paz, xustiza e institucións sólidas
- 17.-Alianzas para lograr os obxectivos

+ info: <https://es.unesco.org/sdgs>

Departamento de Didáctica do Museo Pazo de Tor

(34) 982 165 534

[pazodetor@museolugo.org](mailto:pazodetor@museolugo.org)

[redemuseisticalugo.org](http://redemuseisticalugo.org)



Cultura



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

PAZO DE TOR